

BANDO

FOGUEIRAS DE SAN XOÁN E SAN PEDRO

Vilagarcía de Arousa, 25 de maio de 2026

Como para a conmemoración do día de San Xoán e San Pedro é costume facer fogueiras nas noites do 23 e do 28 de xuño, esta Alcaldía,

FAI SABER:

Toda persoa que teña a intención de facer unha fogueira deberá **solicitar autorización ata o vindeiro 17 de xuño mediante solicitude** na que deberá constar, como mínimo, a persoa responsable dela, identificada co nome, número do documento de identidade, dirección e teléfono. O escrito acompañarase dunha copia do DNI da persoa responsable. Unicamente se autorizará a realización dunha fogueira por solicitude e persoa solicitante, quedando anuladas a segunda ou sucesivas solicitudes nas que apareza a mesma persoa autorizada.

Tamén os **establecementos de hostalería** que desexen instalar na vía pública un **asador portátil** ou similar deberán solicitar autorización, no mesmo prazo, mediante a presentación da correspondente solicitude específica.

Para poder realizar unha fogueira **será obrigatorio** observar os seguintes **requisitos**:

- A fogueira **SÓ PODERÁ ESTAR ACTIVA ENTRE AS 20.00 HORAS E AS 05.00 HORAS**.
- A fogueira terá un **perímetro de seguridade de seis metros de radio por cada metro de altura de combustible**, no cal non poderá haber edificacións, mobiliario urbano ou calquera tipo de material combustible.
- Con **exceso de vento non se prenderá** a fogueira.
- **Evitarase** a acumulación de **combustibles** nos arredores.
- Non se empregarán na fogueira **materiais contaminantes** (neumáticos, aerosois, etc.)
- Deberá disporse de **material** para a **extinción** do lume, tal como caldeiros de auga, area ou extintores, deixando a fogueira completamente apagada e asegurada (empapándoa con auga) antes de marcharse.
- Porase especial **coidado** de non situálas baixo **tendidos eléctricos ou telefónicos**, así como de que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables e que a fogueira estea lonxe de zonas de vexetación susceptible de ser queimada.

No caso de que se teña intención de **realizar a fogueira en calquera espazo público**, ademais de cumprir os requisitos xa mencionados, deberá protexerse o pavimento con placas de ferro, area ou material similar que evite danalo, **debendo deixar a zona limpa unha vez rematada a fogueira**.

As cacharelas que, de ser o caso, se autoricen na praia realizaranse respectando os seis metros de servidume de paso dende a liña de preamar ou marea alta, e seis metros dende o bordo do pavimento do paseo.

Aquelas fogueiras que non fosen autorizadas, ou para as que non se presentase solicitude en prazo, non poderán levarse a cabo, quedando encargados os servizos municipais de impedir o seu desenvolvemento.

Como moi tarde o día 23 de xuño de 2026 publicaranse na páxina web e no taboleiro de anuncios municipais as autorizacións concedidas en relación coas fogueiras de San Xoán e San Pedro.



Asdo. Alberto Varela Paz
Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa.